

lidade no prazo de vixencia da presente convocatoria, a entidade está obrigada a comunicalo.

2.—Facturas dos gastos en orixinal ou fotocopias compulsadas, debendo alcanzar como mínimo o importe da subvención concedida.

3.—Deberanse axuntar mostras materiais da realización do proxecto subvencionado (informe de prensa, disquetes, publicacións, fotografías lexibiles, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego.

4.—Certificacións ás que se refire Art. 6 de estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionabeis os conceptos que a seguir se relacionan:

- Adquisición de material inventariable (ordenadores, cámaras, etc.); consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, carretes de fotografías, cintas, etc.); material de oficina (bolígrafos, archivadores, etc.)
- Compra de libros, material didáctico ou vestiario, con distintos fins dentro das accións que se propoñan. Só se aceptará este tipo de gasto cando se acredite que resulta imprescindible para a realización do proxecto (o que se fará constar na memoria que se xunte á solicitude) e sempre que no concepto das facturas que se acheguen conste a actividade desenvolvida.
- Gastos de teléfono, desprazamento, manutención e aloxamento, axudas de custo e quilometraxe.
- Alugueres dos locais da entidade e gastos correntes de funcionamento.
- Gastos relativos á celebración de ágapes e actos análogos.

Admitiranse as nóminas de persoal da entidade sempre que se xunte unha certificación na cal se especifique a parte proporcional dedicada á realización das accións.

Na elaboración de revistas, voceiros, boletíns, folletos e similares, o gasto xustificárase preferentemente con facturas expedidas por imprentas e coas relativas á súa distribución, de ser o caso.

As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas.

Á vista da documentación xustificativa presentada, previo informe de Intervención, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou inversión subvencionada, e se a documentación é correcta procederase ao pago da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

#### 8.—REINTEGRO DE SUBVENCIONES

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións.

#### *Disposicións Finais*

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos/as ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da lei 38/2003, xeral de subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes: Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

As sancións procedentes será acordadas e impostas pola Alcaldía.

Cuntis, 27 de marzo de 2008.—A tenente de alcaldesa, Belén Pazos Touriño. **2008003696**

\* \* \*

### **A ESTRADA**

### **A N U N C I O**

Aprobado polo Pleno celebrado o día 4 de decembro de 2007, o Regulamento do funcionamento do Punto Limpo de A Estrada e exposto ao público no BOP do 19 de decembro de 2007, e non téndose producido reclamacións queda aprobado definitivamente. O presente Regulamento entrará en vigor unha vez de publique íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días ao que fai referencia a Lei 7/1985 de 2 de abril.

## REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE A ESTRADA

### TÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1: *OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*

1.—O presente regulamento ten por obxecto regular as actividades relacionadas co funcionamento do Punto Limpo de A Estrada, as súas instalacións, elementos e mobiliario.

2.—A titularidade e competencia do Punto Limpo é municipal e estará regulado de acordo ás disposicións legais que existen sobre a materia.

Para a explotación do mesmo, o concello poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na lexislación vixente.

#### Artigo 2: *DEFINICIÓN*

Aos efectos da presente regulamentación enténdese por:

1.—**PUNTO LIMPO:** É unha instalación onde se efectúa, previamente seleccionados, a recepción transitoria e acumulación de certos tipos de residuos domiciliarios que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos sólidos urbanos. Constitúe, por tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro de recepción, almacenaxe, selección e valoración dos residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria, nin domiciliaria.

En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar de almacenaxe temporal dos residuos, para ser posteriormente trasladados a outros lugares a través de transportistas e xestores autorizados.

2.—**RESIDUOS RECICLABLES:** Aqueles materiais que poden ser reutilizados ou reciclados como materias primas, para que mediante un proceso, se obteña un produto distinto ou igual ao orixinal.

3.—**PROVEEDOR:** Persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos reciclables no Punto Limpo.

#### Artigo 3.—*OBXECTIVOS*

Os obxectivos principais do Punto Limpo de A Estrada son:

- Sensibilizar aos cidadáns respecto da separación e recuperación do lixo.
- Servir aos cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva de residuos producidos no ámbito domiciliario,
- Evitar o vertido incontrolado de voluminosos que non poden ser eliminados polos servizos convencionais de recollida de lixo.

- Evitar o vertido de entullos e outros no medio natural, rural e urbano do termo municipal de A Estrada.

- Proporcionar aos veciños unha canle para a eliminación de residuos que representen un perigo para o medio e a saúde pública como aceites, pinturas, fluorescentes, radiografías, etc. evitando así o seu vertido incontrolado.

- Aproveitar os materiais contidos nos residuos que son susceptibles dunha reciclaxe directa, conseguindo con elo un aforro enerxético e de materias primas e reducindo o volume de residuos a eliminar.

- Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.

#### Artigo 4.—*RESPONSABILIDADE*

1.—O concello de A Estrada adquire a titularidade dos residuos entregados polo proveedor, que destinará á súa eliminación, valoración e/ou reciclaxe.

2.—En relación cos residuos admitidos no punto limpo o concello, nos supostos que estime conveniente, poderá celebrar acordos ou convenios con empresas privadas acreditadas como xestores autorizados que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica resulten beneficiosos para a prestación e xestión do servizo.

#### Artigo 5.—*PRESTACIÓN DO SERVIZO*

Para a utilización do Punto Limpo de A Estrada terase en conta que:

1.—Só se admiten residuos xerados por particulares e previamente clasificados polo usuario.

2.—Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

3.—O persoal responsable do Punto Limpo controlará a procedencia, natureza e cantidade dos residuos depositados.

4.—O Concello colaborará coa Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para os estudos e seguimento do nivel de concienciación dos cidadáns e do uso que se está a facer do Punto Limpo, enviando relacións periódicas do volume de cada tipo de residuo recollido no mesmo e destino ao que se envía.

## TÍTULO II: IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN

### Artigo 6.—TIPOLOXÍA DE RESIDUOS

No Punto Limpo admitiranse exclusivamente os seguintes tipos de residuos de orixe doméstico.

- 1.— Residuos comúns:
  - a) Papel e cartón.
  - b) Vidro: botellas e cristais varios.
  - c) Envases de plástico, bricks e latas.
  - d) Restos metálicos de fogares (ferralla e metais).
  - e) Madeira.
  - f) Têxtils.
  - g) Residuos voluminosos: mobles, colchóns e electrodomésticos sen gas CFC (lavadoras, cociñas, quentadores de auga,...).

Ademais de poder levar estes residuos ao Punto Limpo, continuará en vigor o servizo periódico de recollida domiciliaria, nos días e lugares que previamente se establecerán para a mesma.

- h) Entullos de pequenas obras.
  - i) Plásticos: de orixe doméstico, así como de silos e invernadoiros.
  - j) Residuos verdes: residuos procedentes de podas e restos vexetais.
- 2.—Residuos especiais:
    - a) Disolventes, pinturas e vernices.
    - b) Fluorescentes e luminarias de vapor de mercurio e similares.
    - c) Baterías e pilas.
    - d) Radiografías.
    - e) Aceites minerais e vexetais usados, procedentes de particulares.
    - f) Electrodomésticos con gas CFC (frigoríficos e conxeladores).
    - g) Aerosois.

### 3.—Residuos non admisibles:

Non son admisibles no Punto Limpo do Concello de A Estrada os que se relacionan a continuación:

- Materiais sen clasificar.
- Materia orgánica.
- Residuos sanitarios (medicamentos ou envases dos mesmos, infecciosos, clínicos, biosanitarios,...)
- Residuos radioactivos (pararraios...).
- Residuos procedentes de actividades industriais ou comerciais.
- Residuos xerados por actividades mineiras ou extractivas.
- Animais mortos.
- Pneumáticos.

- Recipientes voluminosos, metálicos ou plásticos, (aproximadamente de 25 l. ou superiores) que contivesen produtos tóxicos ou perigosos.
- Calquera outro residuo que non se enumere na lista de residuos admisibles e non se poida identificar e/ou clasificar na categoría dos que se admiten.
- Produtos procedentes de decomisados.

### Artigo 7.—PRESENTACIÓN DE RESIDUOS

Para a recollida de residuos admisibles no Punto Limpo, estes deberán entregarse de acordo co seguinte:

1.—Papel e cartón: as caixas de cartón deberán abrir e comprimir para reducir o volume dos residuos. Así mesmo, o papel deberase presentar en bolsas ou caixas cerradas para evitar o seu esparcemento.

2.—Vidro, fluorescentes e cristais varios: este tipo de residuos deberán acondicionarse de tal xeito que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas da súa manipulación.

3.—Pilas: deberán separar os diferentes tipos de pilas, ben sexa de botón, salinas ou alcalinas.

4.—Terras e entullos: debido á natureza destes residuos, deberán presentar en sacos ou bolsas de plástico cerrados de 25 quilos como máximo.

5.—Aceites vexetais, pinturas e vernices: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico, tomando as medidas necesarias para evitar derrames e non mesturándoos con aceites de maquinaria, motores de vehículos ou de características diferentes.

6.—Plásticos: presentaranse libres de restos orgánicos e debidamente pregados para reducir o seu volume.

7.—Poda e restos vexetais: na medida do posible a rama non excederá da medida de 1m.

8.—Frigoríficos e electrodomésticos con CFC: entregaranse sen que se produza a rotura do circuíto de refrixeración.

### Artigo 8.—CANTIDADE MÁXIMA ADMISIBLE:

Establécese unha limitación das cantidades admisibles para determinados tipos de residuos e por cada particular ao día do seguinte xeito:

Papel e cartón: Ilimitada.

Vidro e cristais varios: Ilimitada.

Ferralla (restos metálicos): Ilimitada.

Residuos da bolsa amarela: Ilimitada.

Terras e entullos: Máximo 60 quilos en bolsas de 20/25 quilos.

Aceites de motor: Máximo de 10 litros.

Aceites vexetais: Ilimitada.

Aerosois: Ata 10 unidades.

Electrodomésticos con CFC: Admitirase un máximo de 1 unidade de cada.

Restantes electrodomésticos: Un máximo de dúas unidades de cada tipo.

Madeiras (sofás, cadeiras,...): Ata 60 quilos ou un moble.

Pinturas, vernices, disolventes,...—Máximo de 1 quilo.

Colchóns: Máximo de 2 unidades.

Fluorescentes, lámpadas,...—Un máximo de 3 unidades.

Plásticos domésticos: Máximo de 25 quilos.

Plásticos de invernoiro e silos: Máximo de 100 quilos.

Téxtiles domésticos: Máximo de 25 quilos.

Baterías e pilas: Ilimitada.

Restos de podas: Máximo de 1 m<sup>3</sup>.

Se a capacidade do Punto Limpo se vira comprometida o Concello pode establecer, durante o período de tempo imprescindible, limitacións para os tipos de residuos que non se limita a súa cantidade a depositar na táboa anterior.

#### Artigo 9.—*FUNCIONAMENTO E XESTIÓN*

1.—Para que o servizo que se presta no Punto Limpo sexa o correcto, é necesario que os usuarios aporten os residuos previamente separados e os depositen nos contedores específicos para cada fracción.

2.—Tódalas entregas por parte dos usuarios serán anotadas polo encargado nun Libro de Rexistro para o control interno no que constarán :

- Identificación completa do usuario mediante a exhibición do seu D.N.I.
- Natureza dos residuos.

3.—Así mesmo, o responsable do Punto Limpo anotará no Libro de Rexistro os seguintes datos:

- Natureza, destino e data de retirada dos produtos evacuados.
- Incidencias e reclamacións.
- Facturación.
- Documentación de transporte.

4.—Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser utilizados para outros fins que non sexan os propios do servizo.

5.—Regularmente enviarase un informe á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental no que se dará conta dos datos consignados no Libro de Rexistro.

6.—Antes de proceder ao depósito do residuo ou residuos, cada usuario deberá declarar no posto de control o contado do que quere entregar, co fin de

realizar un control de orientación de vertido e estatístico. O responsable do centro, tendo en conta a carga declarada e a lista de residuos admisibles indicará a súa aceptación ou rexeitamento. Os usuarios do Punto Limpo deberán seguir as indicacións da/o operaria/o do centro.

O encargado do Punto Limpo supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de forma axeitada e non se encontran mesturados con residuos tóxicos e perigosos. Tamén se efectuará unha inspección sistemática e visual en todos aqueles colectores de residuos líquidos.

7.—O usuario accederá á zona de acumulación onde depositará os residuos no seu correspondente colector.

8.—Os transportistas que realicen os portes dos residuos tamén deberán seguir as indicacións da/o operaria/o do centro, que supervisará os seus labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos e que teñen a licenza para realizar ese traslado.

9.—No punto limpo só se poden depositar os residuos mencionados no artigo 6.

10.—O encargado do Punto Limpo poderá rexeitar aqueles residuos que pola súa natureza ou volume non poidan ser admitidos de acordo co presente regulamento.

11.—No caso de resultar que non se efectuara a recollida, se o usuario solicitase un lugar de depósito ou tratamento, o Concello poderá recomendar algún.

12.—Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello de A Estrada.

13.— Antes de que os colectores se atopen cheos de residuos, os operarios do Punto Limpo darán aviso aos xestores ou transportistas designados para a retirada e traslado dos residuos ás diferentes instalacións de reciclaxe ou centros de eliminación, en tanto non existan instalacións para a súa reciclaxe.

14.—As instalacións do Punto Limpo deben permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública. Para o que, os operarios deben controlar que o depósito de residuos se realice de xeito correcto, evitando a caída de residuos fora dos contedores e retirando calquera material que dificulte o tránsito dos vehículos e o depósito dos residuos.

15.—O punto Limpo estará equipado de acordo ao risco intrínseco da actividade de almacenamento coas instalacións de protección de incendios que corresponda ao tamaño da instalación e segundo as características fixadas na normativa. Deberán adoptarse as medidas necesarias para evitar calquera tipo de accidente e os materiais e equipos deberán cumprir coas prescricións legais.

*Artigo 10.—DESTINO FINAL DOS RESIDUOS:*

1.—O destino final dos residuos admitidos polo Punto Limpo será xestionado polo concello segundo indique a lexislación vixente e da forma máis axeitada dependendo da natureza dos residuos. O destino final dos residuos poderá ser modificado polo concello sempre que con elo se melloren as condicións de reciclaxe e/ou tratamento dos mesmos.

2.—Os residuos tóxicos e perigosos cederanse a un xestor autorizado, previo documento de aceptación dos mesmos. O transporte de residuos tóxicos e perigosos realizarase por un transportista autorizado e inscrito no Rexistro de Transportistas de Residuos Perigosos.

*Artigo 11.—HORARIO E OUTRAS CONDICIÓNS:*

1.—O Punto Limpo prestará os seus servizos de recollida conforme a un horario prefixado que se poñerá en coñecemento de todos os usuarios polos medios oportunos.

2.—O Concello de A Estrada poderá, no seu caso, establecer mediante a correspondente ordenanza o pago dunha taxa ou prezo público pola utilización do Punto Limpo.

*Artigo 12.—PROHIBICIÓNS*

Prohíbense os seguintes aspectos:

- 1) Depositar residuos non permitidos por esta norma.
- 2) Depositar mesturas aos diferentes residuos.
- 3) Depositar residuos fóra do colector específico.
- 4) Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta norma.
- 5) Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- 6) Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.
- 7) Calquera tipo de incineración de residuos dentro do punto limpo..
- 8) Fumar dentro das instalacións.

## TITULO III. RÉXIME SANCIONADOR

*Artigo 13.—INFRACCIÓNS*

Calquera incumprimento das normas do presente Regulamento considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en leves e graves.

1.—Considerarase infraccións leves:

- a) Entregar residuos non procedentes de domicilios particulares, salvo o relativo a entullos orixinados en obras menores.

- b) Depositar calquera outro tipo de residuos de orixe domiciliario que non se encuentre establecido na presente ordenanza.
  - c) Depositar mesturados os diferentes residuos.
  - d) Depositar residuos fora do contedor específico.
- 2.—Considerarase infraccións graves.
- a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
  - b) Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.

*Artigo 14.—SANCIÓNS*

1.—Os usuarios que efectúen infraccións leves estarán na obriga de restituír o dano causado, podendo impoñerse unha multa de ata 300 euros.

2.—Os usuarios que comentan infraccións graves estarán na obriga de restituír o dano causado, podendo impoñerse unha multa de ata 750 euros.

3.—As sancións graduaranse atendendo a:

- a) Grao de intencionalidade.
- b) Gravidade do dano producido.
- c) Grao de malicia, participación e beneficio obtido.
- d) Irreversibilidade do dano producido.
- e) Categoría do recurso afectado
- f) Natureza do residuo.
- g) Reincidencia.
- h) Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

A promulgación futura de normas con rango superior ao deste Regulamento que afecten ás materias reguladas no mesmo determinará a aplicación automática daquelas e a posterior adaptación do regulamento no que fora necesario.

## DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días ao que fai referencia a Lei 7/1985 de 2 de abril.

A Estrada 14 de marzo de 2008.—O Alcalde, ilexible.  
2008003333

## A N U N C I O

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello da Estrada en sesión ordinaria celebrada o día 10 de marzo de dous mil oito, faise pública a convocato-